



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da antiga estrada C-552 (A Coruña a Fisterra) que sae do P.Q. 65+470 da AC-552 e chega ao P.Q. 65+790 da AC-552, a prol do Concello de Vimianzo

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Carlos Alberto Amoedo Souto como secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Xosé Carlos Sierra Rodríguez como secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte
- Decreto polo que se delimita o contorno de protección da Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, nos termos municipais do Saviñao e Chantada, na provincia de Lugo



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión e a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b.) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, destinadas a pequenas e medianas empresas (PEMES) para a realización de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela, para a execución do proxecto fortalecemento da administración descentralizada en Bolivia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Università Studi degli di Roma La Sapienza, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galega
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Coles, para a adecuación de instalacións e equipamento para salón de plenos
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Castrelo do Val, para a adecuación e equipamento dun edificio para usos municipais
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mesía, para o remate de rehabilitación e ampliación da casa do concello



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación Comité Executivo Exposición Mundial da Pesca, para a celebración da *World Fishing Exhibition Vigo 2009*
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Confederación de Empresarios de Galicia a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña, para a realización da quincena de Galicia nos grandes almacéns de El Palacio de Hierro en México

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Consellería de Política Territorial, Obras Pública e Transporte e o ente público Portos de Galicia, para a construción da obra: treito 3 Vía Ártabra: AC-526: Veigue (VG-1.3)-Porto de Lorbé

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Mancomunidade Arousa-Norte, para a adaptación da sinalización turística da zona á nova normativa autonómica

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención, no momento da súa concesión, no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Actividades Subacuáticas, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través de Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Voleibol, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade, e se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, dunha axuda económica de nove millóns setecentos corenta e tres mil setecentos once euros con corenta e dous céntimos (9. 743.711,42 euros) a *Centro Frigorífico Conservero, S.A.* (A-36278711), para a execución do proxecto ampliación e mellora para a manipulación e envasado de produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura que se vai realizar nas instalacións da empresa en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, dunha axuda económica de tres millóns trescentos noventa e cinco mil catrocentos euros (3.395.400,00 euros) a *Paquito, S.L.* (CIF: B-15055783), para a execución do proxecto modernización do centro de elaboración e precociñados de produtos do mar que se vai realizar nas instalacións da empresa en Boiro (A Coruña)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira de Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Mondariz, para a instalación de contedores soterrados na praza de España, por importe de sesenta e catro mil trescentos cincuenta e oito euros con corenta e cinco céntimos (64.358,45 euros)
- Acordo polo que aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Moraña, para a execución da obra de saneamento nos lugares de Fontenla, A Penagrande, Quergizo, Suigrexo e A Alberguería. Moraña (Pontevedra), clave OH.336.797, por importe de seiscentos oitenta e nove mil setecentos corenta e nove euros con setenta e nove céntimos (689.749,79 euros)
- Acordo polo que aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Coles, para a execución da obra de saneamento en Cambeo, Boncomezo e estación de Barra de Miño. Coles (Ourense), clave OH.332.628, por importe de setecentos noventa e catro mil cento noventa e tres euros con dezaioito céntimos (794.193,18 euros)
- Acordo polo que aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Valdoviño, para a execución das obras de implantación dun sistema de preozonización na estación de tratamento de auga potable do Cameleiro, Valdoviño (A Coruña), clave OH.215.816, por importe de trescentos setenta e nove mil cincuenta euros con cincuenta e oito céntimos (379.050,58 euros)

CONSELLERÍA DE TRABALLO



- Acordo polo que se autoriza ao Consello Galego de Relacións Laborais para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dun curso de especialización de posgraduados, baixo a denominación de Curso Superior de Relacións Laborais (XXI Edición), polo importe total de setenta e catro mil cento dezaioito euros con trinta céntimos (74.118,30 euros)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a establecer anticipos de ata o 65% do importe das subvencións, no momento da súa concesión, e compromisos de gastos de carácter plurianual, na Orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións complementarias e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio do ano 2008, en aplicación da Orde TAS/2782/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación, polo procedemento de emerxencia, do expediente de contratación das obras reconstrución do arquivo das historias clínicas do Complexo Hospitalario de Vigo (Pontevedra)



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O REGULAMENTO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA DE GALICIA

- ***Búscase adaptar a normativa ao novo contexto social e tecnolóxico da era da información e ás novidades lexislativas introducidas nos últimos anos***
- ***Incorpora quendas específicas para a asistencia xurídica de mulleres maltratadas, menores e outros colectivos que requiren unha atención especializada, así como a formación específica e reciclaxe dos profesionais encargados destas tarefas***
- ***Aumenta o número de comisións de asistencia xurídica gratuítas de catro a sete, engadindo as de Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol***
- ***Realiza unha aposta decidida polas tecnoloxías da información e da comunicación para avanzar cara á implantación da administración electrónica neste ámbito***
- ***O decreto introduce a obrigatoriedade da formación de reciclaxe, a través dos distintos cursos que ofrecen os colexios profesionais, para os avogados e os procuradores que formen parte das quendas especializadas, unha medida sen precedentes no resto de España***
- ***A norma recolle a introdución da libre elección de avogado e procurador no ámbito do dereito da familia, contencioso-administrativo e laboral por parte do beneficiario da xustiza gratuítas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto do regulamento de asistencia xurídica gratuítas de Galicia. Búscase adaptar a normativa ás necesidades que derivan do novo contexto social e tecnolóxico propio da era da información e incorporar as novidades lexislativas introducidas nos últimos anos, especialmente as referidas á protección, prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no DOG.

A norma (co fin de atender en boas condicións o importante crecemento que a demanda do sistema experimentou na última década), aumenta o número de comisións de asistencia xurídica gratuítas, que pasan das catro actuais a sete. Así, ademais das comisións da Coruña, Ourense, Pontevedra e Lugo créanse as de Santiago de Compostela e Vigo -antes delegacións provinciais- e a de Ferrol. Esta reorganización permite distribuír a carga de traballo de forma máis equilibrada, outórgalle maior operatividade a cada comisión e mellora a capacidade de resposta do sistema.

Outra novidade importante que presenta o decreto é a incorporación de quendas específicas para a asistencia xurídica de mulleres maltratadas, menores e outros colectivos que requiren unha atención especializada. No caso das mulleres maltratadas, o regulamento responde ás exixencias tanto da lei estatal -Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero- como da galega -Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero-; e incorpora a previsión desta última respecto da quenda de garda durante 24 horas. Ademais, tamén recoñece a posibilidade de constituír quendas específicas para menores, alí onde haxa sedes de



xulgados específicos nesta materia -capitais de provincia-, e para atender os estranxeiros. Para isto regúlase a posibilidade de realizar traballos de tradución e interpretación por parte de profesionais privados.

A introdución destas quendas especializadas supón a exigencia dunha formación específica con requisitos complementarios de formación. De aí, a regulación que o texto fai da formación de reciclaxe obrigatoria a través de distintos cursos dos colexios profesionais de avogados e procuradores. Esta iniciativa, clave para garantir a calidade da prestación profesional, é unha solución nova, sen precedentes no ámbito nacional.

A norma tamén recolle a introdución da libre elección de avogado e procurador no ámbito do dereito da familia, contencioso-administrativo e laboral por parte do beneficiario da xustiza gratuíta. Para esta elección os avogados e procuradores deben inscribirse voluntariamente nunhas listaxes xestionadas polos colexios profesionais respectivos. Con esta medida trátase de establecer mecanismos para garantir aos cidadáns unha igualdade real e efectiva no exercicio do dereito á tutela xudicial efectiva.

Por último, o novo regulamento de asistencia xurídica gratuíta realiza unha aposta decidida polas tecnoloxías da información e da comunicación para avanzar cara á implantación da administración electrónica neste ámbito. Así, pon as bases para a conexión e interoperatividade dos sistemas de información da Administración autonómica e os colexios de avogados e procuradores, así como para a transparencia e o acceso telemático ao sistema dos profesionais e partes, a través da denominada Oficina Virtual de Asistencia Xurídica Gratuíta.



A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE VIMIANZO A TITULARIDADE DUN TREITO EN DESUSO DA ESTRADA A CORUÑA-CEE

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-552 A Coruña-Cee, a favor do Concello de Vimianzo. O treito que agora a Xunta transfire ao Concello correspóndese cuns 320 metros entre os quilómetros 65,470 e 65,790 á altura do polígono industrial. Trátase dunha zona que quedou en desuso tras acometer unha variante do trazado da AC-552 nese punto. Polo tanto englóbbase dentro das estradas que poden ser obxecto de transferencia, xa que a normativa establece que poderán someterse a cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou ben por pertencer a treitos antigos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado, como é o caso do tramos obxecto deste decreto.

A transferencia foi solicitada polo propio concello e conta co informe favorable da Dirección Xeral de Estradas. A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe. A partir dese momento, o Concello de Vimianzo asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito sobrante.



XOSÉ CARLOS SIERRA, NOVO SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o nomeamento de Xosé Carlos Sierra Rodríguez como novo secretario xeral da Consellaría de Cultura e Deporte, así como o cesamento no mesmo cargo de Carlos Alberto Amoedo Souto.

Xosé Carlos Sierra Rodríguez (Pontevedra, 1950), museólogo especializado en patrimonio etnolóxico e antropolóxico, era ata o momento o delegado en Ourense da Consellaría de Cultura e Deporte.

Home comprometido historicamente coa defensa da cultura galega e do seu patrimonio, foi desde 1993 director do Museo Etnolóxico de Ribadavia (Ourense), é membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (CSIC) e patrono da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego, ademais de membro da sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, entre outras institucións das que forma parte.

Autor de máis de 60 publicacións centradas maiormente en cuestións etno-patrimoniais, dirixiu o proxecto museolóxico-museográfico do Museo Galego do Viño, que terá a súa sede en Ribadavia.

Licenciado pola Universidade de Santiago de Compostela, realizou os cursos de doutoramento na Universidade de Valladolid e estudou Antropoloxía na Complutense de Madrid.



O GOBERNO GALEGO ESTABLECE OS LÍMITES DO CONTORNO DE PROTECCIÓN DA IGREXA DE SANTO ESTEVO DE RIBAS DE MIÑO, NA RIBEIRA SACRA

- *O templo foi declarado monumento histórico-artístico en 1931 pero o espazo circundante carecía ata a data dunha figura que velase pola integridade do conxunto*
- *O contorno do monumento afecta os concellos do Saviñao e Chantada, en Lugo, e esténdese a ambas as beiras do río Miño*
- *O espazo protéxese por formar parte do campo visual da igrexa e para preservar a peculiaridade da paisaxe que o rodea, unha zona agraria tradicional organizada en socalcos destinados á produción de viño e bosques autóctonos*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Decreto polo que se delimita o contorno de protección da Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño. O templo foi declarado monumento histórico-artístico en 1931 pero o espazo circundante carecía ata a data dunha figura que velase pola integridade do conxunto e respectase a paisaxe en que se insire.

O contorno do monumento afecta os concellos do Saviñao e Chantada, en Lugo, e esténdese a ambas as beiras do río Miño. Trátase dun espazo moi amplo que se protexe por formar parte do campo visual da igrexa e para preservar a peculiaridade da paisaxe que o rodea: unha zona agraria tradicional organizada en socalcos destinados á produción de viño e con presenza de bosques autóctonos.

No novo ámbito inclúense ademais, e polo tanto protéxense, outros elementos de interese cultural como a Abadía, a Casa do Bento, o Pazo das Fraguas, o Castro de San Fiz, a Adegas do Santo ou a capela de San Pedro de Cela, así como miradoiros e a rede tradicional de camiños.

O procedemento de declaración BIC do contorno de Santo Estevo, comezado o 15 de outubro de 2007, obtivo os informes favorables de dous órganos asesores da Dirección Xeral de Patrimonio Consello da Cultura Galega e da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. As dúas institucións sinalan a obriga de defender a paisaxe que rodea a igrexa de posibles agresións e a necesidade de protexer os bosques e paisaxes galegas. Comentan nos seus informes que calquera alteración, máis alá do encoro e da estrada que une Monforte con Chantada, supón un risco para o mantemento do conxunto histórico-natural.

Un templo enraizado na paisaxe

Santo Estevo de Ribas de Miño constitúese como o máximo expoñente do románico galego. Esta igrexa tardomedieval que acollía unha comunidade de monxes bieitos está fundamente marcada pola orografía da Ribeira Sacra, facendo inseparable a súa existencia da paisaxe.



O templo está construído nunha ladeira moi pronunciada que cae sobre o río Miño, sobre un terreo inclinado e escarpado, o que favoreceu sen dúbida da conservación do monumento ata hoxe. Este desnivel do terreo, estruturado en socalcos para o cultivo de vide, levou a construír unha cripta con bóveda de canón para elevar a fachada e ordenar a terraza en que se asenta o adro da igrexa.

Unha solución arquitectónica singular, que ben recorda a empregada polo Mestre Mateo na fachada occidental da Catedral de Santiago. E máis pegadas hai do mestre neste templo que deixan constancia da súa influencia nesta construción: na fachada están representados sete personaxes que sosteñen instrumentos musicais e en movemento, que recordan os 24 anciáns da Apocalipse do Pórtico da Gloria.

Estas características así como a súa localización fan de Santo Estevo de Ribas de Miño unha das xoias do noso patrimonio pero tamén da nosa etnografía, xa que representa un cadro das nosas -non tan antigas- formas de vida.



A XUNTA PROMOVERÁ AXUDAS A PEMES PARA A REALIZACIÓN DE PLANS DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

- ***O Consello aprobou hoxe unha partida de 300.000 euros para esta iniciativa***
- ***As axudas van destinadas ás pemes, domiciliadas en Galicia ou que acometan as accións subvencionables nos seus centros de traballo en Galicia***
- ***Esta liña de axudas enmárcase no V Plan do Goberno galego de igualdade de homes e mulleres 2007-2010 que establece, entre os seus obxectivos, o fomento da responsabilidade social das empresas, así como a identificación dos procesos laborais que poden someterse a revisión para favorecer a conciliación***

O Consello da Xunta deulle o seu visto e praxe á convocatoria, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade das subvencións destinadas a pequenas e medianas empresas (pemes) para a realización de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. O importe global destinado a estas axudas ascende a 300.000 euros. Participa neste financiamento a Unión Europea a través do Fondo Social Europeo nun 80%.

As axudas que se convocarán, en réxime de concorrencia competitiva, serán para pemes domiciliadas en Galicia ou que acometan as accións subvencionables nos seus centros de traballo en Galicia que realicen actuacións para promover a elaboración e posta en marcha de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Estas iniciativas deben contribuír ademais a superar os estereotipos que adscriben homes e mulleres a determinadas tarefas e funcións, tanto no ámbito profesional como no privado e familiar.

O orzamento total para estas subvencións é de 300.000 euros. As axudas que se concedan serán adxudicadas ata o límite dos créditos dispoñibles.

Características destas axudas

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as pequenas e medianas empresas domiciliadas en Galicia ou que acometan proxectos subvencionables nos seus centros de Galicia, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, e que reúnan a condición de micro, pequena ou mediana empresa (pemes). Considérase peme a empresa que empregue menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non exceda os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda os 43 millóns de euros. Non poderán optar a estas axudas as empresas públicas ou participadas.

Estas subvencións teñen como obxecto o financiamento do desenvolvemento de plans ou accións a favor da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Poderanse conceder axudas para a elaboración ou desenvolvemento de plans de conciliación con perspectiva de xénero, para a realización de cursos de formación, dentro das pemes, dirixidos a entender as claves de conciliación e facilitar a súa aplicación na xestión empresarial, para cubrir os gastos derivados de atención a menores, maiores ou persoas enfermas e para cubrir calquera outro gasto en bens correntes e servizos que teñan por finalidade facilitar



a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Dentro de todas estas actuacións terán prioridade as primeiras, é dicir, a elaboración ou desenvolvemento de plans de conciliación con perspectiva de xénero.

O importe das subvencións poderán acadar, con carácter xeral, unha contía máxima do 50% do orzamento total da actividade realizada con determinadas limitacións. No caso de elaboración de plans de conciliación, as axudas non poderán superar os 12.000 euros e no caso de desenvolvemento deses plans, non se poderán superar os 20.000 euros. Nas demais actuacións subvencionables previstas, as subvencións non poderán exceder os 10.000 euros.

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación requirida será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde de subvencións no *Diario Oficial de Galicia*.

V Plan galego de igualdade

Esta iniciativa enmárcase no *V Plan do Goberno galego de igualdade de homes e mulleres 2007-2010*, que establece, entre os seus obxectivos, o fomento da responsabilidade social das empresas, así como a identificación dos procesos laborais que poden someterse a revisión para implementar novas formas de traballo que favorezan a conciliación e diminúan a rotación ou o abandono laboral. Desde a Secretaría Xeral de Igualdade considérase abordar, a través de accións coma estas, medidas favorecedoras da conciliación que dean resposta ás novas demandas da sociedade.



O GOBERNO GALEGO DESTINA CASE 175.000 EUROS A UNHA INICIATIVA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO QUE PERMITIRÁ A BOLIVIA AVANZAR NO SEU PROCESO DE DESCENTRALIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA

- *O proxecto de cooperación articularase a través das universidades da Paz e de Santa Cruz*
- *O Goberno galego impulsará, ao abeiro deste proxecto, a posta en marcha dun posgrao en Goberno autonómico e Administración pública en Bolivia*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, na súa reunión semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, a Universidade de Santiago de Compostela e as universidades bolivianas da Paz e de Santa Cruz. O obxectivo deste convenio é o de promover a posta en marcha en Bolivia dun posgrao en goberno autonómico e Administración pública, iniciativa que permitirá a este país avanzar no seu proceso de descentralización político-administrativa.

Na actualidade, Bolivia atópase inmersa nun proceso de descentralización. A reforma político-administrativa é un dos retos que actualmente ocupa a axenda política e a preocupación da sociedade boliviana, tal e como destacou recentemente durante a súa visita a Galicia o ministro de Produción e Microempresa do país, Javier Hurtado, quen amosou o seu interese por coñecer a experiencia galega no ámbito español como autonomía descentralizada.

Por este motivo, a Xunta de Galicia quere colaborar co país mediante a posta en marcha deste posgrao, iniciativa que se enmarca dentro da cooperación que desenvolve Galicia co fin de transferir tecnoloxía e coñecemento ao exterior.

O proxecto recibirá 174.110 euros ao abeiro dun convenio que se executará entre os anos 2008 e 2009. Preténdese dotar os funcionarios públicos, universitarios e a clase política boliviana de ferramentas básicas que contribúan a facilitar a reforma administrativa necesaria na actual conxuntura política do país andino.

Posgrao en goberno autonómico

A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela articulou un programa de posgrao denominado Goberno autonómico e Administración pública. Componse de 5 módulos, que se distribuirán aproximadamente ao longo de 20 cursos de 15 horas cada un. Ao finalizar, o alumno terá 300 horas de clases teóricas, que complementará con outras 100 horas dun traballo fin de máster e outras 100 horas de prácticas.

Así mesmo, organízanse dous cursos intensivos que versarán sobre Autonomía económica e sobre Administración e xestión autonómica. Ao abeiro deste convenio, a



Universidade pública da Paz así como a de Santa Cruz serán parceiros da USC na iniciativa e nos seus centros impartirase esta formación.

Un dos sectores prioritarios da cooperación galega recollido no vixente Plan Director, é o apoio á participación social, o desenvolvemento institucional e o bo goberno, como elementos constitutivos do Estado democrático e de dereito. O fortalecemento do Estado de dereito e o apoio aos procesos de descentralización foron, así mesmo, recollidos na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, na que se destaca a posibilidade de “intercambio de experiencias acumuladas pola Xunta de Galicia na xestión dunha Administración pública descentralizada, con outras administracións rexionais e locais dos países receptores e ao servizo dos cidadáns”.



CONSOLÍDASE O PROGRAMA DE ESTUDOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS NA UNIVERSIDADE “LA SAPIENZA”, DE ROMA

- *A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a institución académica italiana acordaron renovar o programa de galego ata o ano 2011*
- *A Xunta de Galicia achega 64.000 euros para financiar as actividades de docencia, promoción e difusión da lingua*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Università degli Studi di Roma “La Sapienza” para consolidar o programa de ensino de lingua, literatura e cultura galegas nesta institución académica.

En virtude deste acordo, o Centro de estudos galegos desta universidade italiana terá, durante este curso e ata o ano 2011, o soporte económico necesario para o seu funcionamento, cifrado en 63.976,32 euros, que achegará a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Este financiamento servirá para sufragar os gastos derivados das actividades académicas e de fomento e difusión do galego e para manter a bolsa da profesora lectora que exerce as súas funcións neste centro de estudos.

O convenio establece como compromisos da universidade, ademais da docencia, a organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, a literatura e a cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas e exposicións, entre outras, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. A profesora lectora, baixo a dirección do responsable do Centro de estudos galegos, será a encargada de desenvolver estas actividades, para o que disporá dos medios materiais necesarios.

Pola súa parte, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais da contribución económica que realizará para o desenvolvemento do programa, encargarse de supervisar as accións acordadas e de comprobar a súa adecuación á finalidade da subvención.

Publicacións sobre Galicia, A Provenza ou a lírica galego-portuguesa

O Centro de estudos galegos desta universidade, establecido na Facultade de Ciencias Humanísticas, vén desenvolvendo un importante labor dentro da rede de proxección exterior do galego. Ademais de publicacións sobre Galicia e A Provenza ou sobre a lírica galego-portuguesa, encargouse da tradución comentada da Esmorga ao italiano. Outras dúas universidades de Italia, as de Padua e Perugia, contan con centros de estudos galegos.

A XUNTA ACHEGA 161.000 EUROS PARA OBRAS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS DE MESÍA, COLES E CASTRELO DO VAL



▪ ***A Consellería de Presidencia asinará convenios de colaboración con estes concellos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os concellos de Mesía, Coles e Castrelo do Val para distintas obras en edificios municipais destas localidades. En total, a Xunta alcanzará 161.000 euros con este obxectivo.

O primeiro destes acordos asinarano a Consellería de Presidencia e o Concello de Mesía e ten como obxectivo o remate da rehabilitación e ampliación da casa consistorial, para o que o Executivo autonómico destinará 60.000 euros.

A Consellería de Presidencia alcanzará a mesma cantidade ao municipio de Coles, a través dun convenio que ten como fin a adecuación de instalacións e equipamento para o seu salón de plenos. Por último, a Xunta destinará 41.000 euros á localidade de Castrelo do Val, para a adecuación e equipamento do edificio de usos municipais.

Nos tres casos, a tramitación e adxudicación das obras será realizada polos respectivos concellos conforme a súa propia normativa, e daránlle conta deste acto á Dirección Xeral de Administración Local mediante unha certificación expedida polos secretarios xerais das corporacións.

O libramento da achega realizarase contra a presentación, polos municipios, das correspondentes certificacións de obra ou facturas. Os concellos deberán destinar as cantidades recibidas ao fin concreto para o que se concederon as axudas durante os cinco anos posteriores ao seu outorgamento.



O GOBERNO GALEGO DESTINA PRETO DE 700.000 EUROS Á PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS PRODUTOS GALEGOS A TRAVÉS DA QUINCENA DE GALICIA EN MÉXICO E DA EXPOSICIÓN MUNDIAL DA PESCA DE VIGO

- ***Os convenios autorizados polo Consello da Xunta permitirán a promoción de produtos galegos selectos nos sete grandes almacéns que a cadea El Palacio del Hierro ten nas principais cidades de México***
- ***O Instituto Galego de Promoción Económica colaborará tamén na promoción internacional da Exposición Mundial de Pesca que se desenvolverá en Vigo en setembro do 2009***

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) favorecerá a internacionalización do tecido empresarial e dos produtos galegos a través da promoción da quincena de Galicia en México e da *World Fishing Exhibition*, eventos que terán lugar no ano 2009 e que apoiará cunha achega próxima aos 700.000 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración que subscribirá o Igape, organismo dependente da Consellería de Economía e Facenda. O primeiro asinarase coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Cámara de Comercio da Coruña, e ten como obxectivo a promoción de Galicia e dos produtos galegos nos grandes almacéns Palacio de Hierro de México. O segundo convenio, asinarase co Instituto e a Asociación Comité Executivo Exposición Mundial de Pesca, e ten como finalidade colaborar na promoción mundial da feira pesqueira *World Fishing Exhibition* que se desenvolverá en Vigo.

O impulso da internacionalización da economía galega a través do apoio á proxección internacional das empresas no exterior constitúe un obxectivo fundamental da política económica do Goberno galego, e tamén conforma unha prioridade na estratexia do Igape, na procura de facilitar o crecemento das empresas, o mantemento da actividade e o emprego mediante unha maior presenza nos mercados internacionais.

No marco do convenio autorizado polo Consello da Xunta coa CEG e a Cámara da Coruña, o Igape, destinará 536.000 euros ao financiamento das accións de organización e promoción da quincena de Galicia que acollerá en 2009, en sete dos grandes almacéns que a cadea El Palacio del Hierro ten nas cidades de México, Puebla, Monterrei e Guadalaxara. O Grupo Palacio del Hierro integra boa parte dos centros comerciais máis selectos de México. Trátase dunha iniciativa que persegue que as empresas galegas amplíen ou inicien a súa penetración nun dos mercados con maior potencial de crecemento de América latina. A quincena de Galicia en México incluírá exposicións e promocións dos produtos galegos, e acollerá unha exposición complementaria de carácter cultural.

Por outra banda, e no marco do futuro convenio coa organización da *World Fishing Exhibition 2009*, o Igape destinará 150.710 euros para apoiar a promoción deste evento en 16 países. A industria pesqueira constitúe un dos sectores estratéxicos da economía de Galicia. A VI edición da Exposición Mundial de Pesca, que se celebrará en Vigo do 16 ao 19 de setembro de 2009 constitúe unha boa oportunidade para promover e difundir por



todo o mundo as actividades do sector pesqueiro galego, a calidade dos seus produtos e a potencia de toda a industria relacionada. Ademais das actividades expositivas e comerciais, que constitúen o escaparate das máis recentes innovacións industriais no sector pesqueiro, a World Fishing Exhibition acollerá a Conferencia de Ministros de Pesca dos países máis representativos do sector, así como un Cumio Mundial de Nacións Pesqueiras, que contará coa colaboración da FAO e do Goberno español.



A XUNTA CONSTRUIRÁ UN NOVO ACCESO AO PORTO DE LORBÉ, EN OLEIROS

- ***A nova estrada constituirá o treito final da Vía Ártabra e suporá un investimento de dous millóns de euros***
- ***A Vía Ártabra configúrase como unha vía de altas prestacións que discorrerá entre o Porto de Lorbé e a Autovía do Noroeste (A-6), e na que a Consellería de Política Territorial investirá un total de 140 millóns de euros***
- ***Esta infraestrutura permitirá mellorar as comunicacións e a seguridade viaria de 340.000 cidadáns***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o ente público Portos de Galicia para acometer a construción dun novo acceso ao porto de Lorbé, en Oleiros. Esta obra suporá un investimento de preto de dous millóns de euros e formará parte da Vía Ártabra entre Veigue e o porto de Lorbé, co que constituirá o seu último treito.

Segundo o convenio autorizado polo Consello, a CPTOPT é a encargada de redactar o proxecto técnico da obra así como de obter os terreos necesarios para a súa execución. Igualmente, asumirá a licitación e contratación das obras.

Pola súa banda, Portos de Galicia será o encargado de financiar a totalidade da obra, que supón un investimento de 1.960.263,12 euros. Unha vez rematados os traballos, o ente público asumirá o mantemento do treito da estrada que discorra polo dominio público portuario, mentres que a CPTOPT se encargará da conservación do resto da estrada.

A nova infraestrutura que se construíra terá características de estrada convencional e unha lonxitude de 1,1 quilómetros entre o porto de Lorbé e Veigue.

Os seguintes treitos, xa licitados

A Consellería de Política Territorial xa licitou en setembro as obras de construción do treito da Vía Ártabra que une Veigue co enlace de Meirás, de 3,2 quilómetros, por un importe de 10,5 millóns de euros. Cos cargos adicionais para o pagamento das expropiacións e reposicións de servizos afectados, o investimento total da devandita actuación acadará os case 13 millóns de euros.

Igualmente foi licitado en xullo o seguinte tramo, que vai desde o enlace de Meirás ata a estrada Nacional VI e que inclúe a variante de Oleiros. Este treito ten unha lonxitude total de 7,2 quilómetros, dos cales 1,8 quilómetros correspóndense coa variante de Oleiros. Neste caso o orzamento é de 52 millóns de euros.

A Vía Ártabra configúrase como unha vía de altas prestacións que discorrerá entre o porto de Lorbé e a Autovía do Noroeste (A-6) e na que a Consellería de Política Territorial investirá un total estimado de 140 millóns de euros. Esta actuación, que forma parte do Plan Sectorial da Rede Arterial da Coruña (incluída no Plan Director de Estradas de



Galicia) permitirá artellar mellor as comunicacións viarias dos concellos de Oleiros e Sada completando ás actuais estradas secundarias e locais, redistribuíndo e separando os tráfico de curto e longo percorrido e incrementando así a mobilidade dos cidadáns. Esta nova infraestrutura constitúe tamén unha peza clave para optimizar a funcionalidade da rede de vías de alta capacidade que articulan a cidade da Coruña coa súa área de influencia.

Trátase dunha infraestrutura totalmente gratuíta que estará conectada coa Autovía do Noroeste (A-6) e a estrada N-VI, e que tamén posibilitará aos usuarios acceder á Autoestrada do Atlántico (AP-9). Permitirá, polo tanto, mellorar as comunicacións e a seguridade viaria en concellos en que viven máis de 340.000 cidadáns.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ COA MANCOMUNIDADE DE AROUSA NORTE PARA A ADAPTACIÓN DA SINALIZACIÓN TURÍSTICA DA ZONA

- ***A Consellería de Innovación e Industria achegará 200.000 euros para a mellora da oferta turística da zona a través dunha sinalización efectiva***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Mancomunidad de Arousa Norte para contribuír á mellora da oferta turística da zona cunha posta en valor dos seus recursos turísticos a través dunha sinalización efectiva. A mellora da oferta turística de Arousa Norte e a súa sustentabilidade económica, social e ambiental precisa dunha mellora da calidade do medio urbano e natural dos concellos que a integran; unha ampliación e mellora dos servizos públicos, unha adaptación da oferta pública e privada ás tendencias da demanda e a posta en valor dos seus recursos turísticos.

A sinatura deste convenio de colaboración permitirá que se leve a cabo a dotación de infraestruturas turísticas, a creación de novos produtos turísticos, a posta en valor de recursos turísticos existentes e a sensibilización e implicación da poboación sobre a importancia do desenvolvemento turístico participativo.

O acordo de colaboración implica que se teña en conta o turismo sustentable como principal eixe de desenvolvemento socioeconómico para este territorio no futuro, cunha aposta decidida pola calidade e a singularidade do produto. Do mesmo xeito, implica a reflexión estratéxica global na procura da coordinación de actuacións que inciden no sector turístico por parte de diversas administracións públicas con competencia neste territorio, prestando especial atención ás políticas de integración ambiental e de desenvolvemento rural.

Dúas anualidades

O convenio terá unha duración estimada de dous anos a partir da súa sinatura e a Consellería de Innovación e Industria fará unha achega de 200.000 euros que se distribuirán en dúas anualidades: 150.000 en 2008 e 50.000 en 2009. Innovación e Industria comprométese a considerar prioritarios dentro dos seus programas de actuación e de apoio ao sector os proxectos turísticos do plan previo á creación do Consorcio Arousa Norte. Pola súa banda, a Mancomunidad Arousa Norte comprométese a procurar o logro dos obxectivos e as realizacións do plan entre a poboación e os axentes turísticos dos concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira. Así mesmo, velará polo desenvolvemento da actividade turística no exercicio das súas competencias.

O obxectivo fundamental deste tipo de acordos é desenvolver diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística de Galicia, promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.





A XUNTA ASINA CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS GALEGAS DE VOLEIBOL E ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

- ***Trátase dos convenios ordinarios para participar nos gastos das federacións e fixar os programas de actividades***

A Consellería e Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, asina os convenios de colaboración coas federacións galegas de voleibol e de actividades subacuáticas, cun custo total de 179.700 euros.

O convenio coa Federación Galega de Voleibol, cun custo total de 135.200 euros, ten unha vixencia de dous anos. Ao ano 2008 correspóndelle un total de 64.000 euros e ao 2009, 71.200 euros. Este convenio ten o obxectivo de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade. Así mesmo, autorízase o establecemento dun anticipo do 50 por cento da subvención no momento da súa concesión. Na elaboración do programa de actividades, figura a promoción do deporte feminino ou as seleccións galegas nas categorías inferiores, entre outras actuacións.

Con respecto á Federación Galega de Actividades Subacuáticas, hai que subliñar que o convenio é para este ano e que ten un orzamento total de 44.500 euros. Tamén neste caso, se autoriza un anticipo do 50 por cento da subvención no momento da súa concesión.



A XUNTA APROBA AXUDAS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE DÚAS EMPRESAS DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR

- ***A Consellería de Pesca alcanzará 13,1 millóns de euros para estas actuacións ao abeiro da Orde de axudas a investimentos para a mellora da transformación e a comercialización dos recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas***
- ***Con estas actuacións, as empresas beneficiadas crearán 119 postos de traballo***
- ***Estas medidas están incluídas no Plan Estratéxico do Conxelado, que foi presentado polo presidente do Goberno galego e a conselleira de Pesca, e que busca garantir a competitividade e manter o emprego nesta industria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión, por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, de axudas a dúas empresas de transformación de produtos do mar situadas en Galicia e cuxo importe total supera os 13,1 millóns de euros. Estas subvencións son outorgadas ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2008, pola que se convocan axudas a investimentos para a mellora da transformación e a comercialización dos recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas.

Deste xeito, a Administración pesqueira galega destinará preto de 3,4 millóns de euros á execución do proxecto de modernización do centro de elaboración e precociñados de produtos do mar nas instalacións da empresa Paquito S.L. en Boiro (A Coruña). Ademais, cabe sinalar que esta iniciativa suporá un investimento total por parte da empresa superior aos 5,6 millóns de euros. Con esta mellora, a firma, que conta con 89 traballadores indefinidos e 47 temporais, prevé a creación de 23 novos postos de traballo indefinidos e 21 temporais.

Por outra banda, a Consellería de Pesca destinará máis de 9,7 millóns de euros á realización do proxecto de ampliación e mellora para a manipulación e envasado de produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, que será levado a cabo nas instalacións da empresa Centro Frigorífico Conservero S.A. (Cefrico) en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Así mesmo, unha vez rematada esta actuación, o investimento realizado por esta compañía superará os 16,2 millóns de euros. Cefrico conta na actualidade con 91 traballadores indefinidos e dous temporais, aínda que con este proxecto prevé crear 75 empregos indefinidos máis.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos mobilizou este ano 2008 máis de 105 millóns de euros para axudas a investimentos para a mellora da transformación e a comercialización dos recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, a través do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e do Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Estas axudas están dirixidas a subvencionar proxectos de empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización de produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas, que teñen como finalidade cuestións relativas á mellora das condicións de traballo; a redución do impacto negativo no ambiente; un mellor emprego



de especies pouco aproveitables, subprodutos ou residuos; ou a produción e comercialización de novos produtos. Así mesmo, tamén se destinan a axudar a facer fronte aos gastos de construción, adquisición, ampliación, modernización ou acondicionamento de bens inmoables; custos do proxecto; dirección de obra e estudos de viabilidade; ou para elementos de transporte interno.

Estas actuacións están incluídas no Plan Estratéxico do Conxelado, presentado esta mesma semana polo presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, que mobilizará 300 millóns de euros de capital público e privado ata o ano 2013, dando resposta á necesidade de garantir a competitividade do sector dos produtos do mar conxelados e manter o emprego nesta industria. Tal e como destacou Emilio Pérez Touriño no acto de presentación desta iniciativa, “queremos que as empresas sigan sendo líderes nos mercados mundiais e queremos que se manteña cada un dos empregos, cada un dos centros de traballo, cada unha das plantas de procesado e cada unha das razóns sociais dentro do territorio galego”.



O GOBERNO GALEGO FINANCIARÁ A INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NA PRAZA DE ESPAÑA DE MONDARIZ (PONTEVEDRA) CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 64.000 EUROS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia financiará a instalación de contedores soterrados na praza de España, no concello pontevedrés de Mondariz, cun investimento de 64.358 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre o departamento autonómico e o local para a execución do proxecto.

A instalación dos contedores soterrados enmárcase no Plan de Xestión de Residuos da Consellería de Medio Ambiente, e representa un avance na mellora da xestión dos residuos do concello de Mondariz.

A necesidade de instalación dunha unidade de contedores soterrados nas inmediacións da praza de España vén dada pola súa proximidade ao mercado de abastos do concello, onde habitualmente se produce un importante volume de residuos. Así mesmo, os contedores soterrados suporán unha mellora da imaxe da zona, que recentemente foi obxecto dunha obra de remodelación e que é ademais un dos puntos de maior interese turístico do contorno.

As obras serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, cun investimento que estará distribuído en dúas anualidades, a primeira neste ano por importe de 17.515 euros, e a segunda para 2009 con 46.842 euros.



A XUNTA INVISTE CASE 700.000 EUROS EN OBRAS PARA DOTAR DE SANEAMENTO VARIOS NÚCLEOS DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE MORAÑA QUE CARECEN DESTE SERVIZO

- *As obras beneficiarán aos núcleos de Fontenla, Penagrande, Querquizo, Suigrexo e A Alberguería que non contan co servizo de saneamento*
- *O proxecto inclúe a construción dunha rede de colectores e dúas depuradoras de augas residuais*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do Goberno galego inviste 689.749 euros nas obras para dotar de saneamento varios núcleos do concello pontevedrés de Moraña que actualmente carecen deste servizo. O Consello autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a consellería e o concello para a execución destas actuacións, que serán financiadas na súa totalidade a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

O proxecto, que ten un prazo de execución de oito meses, beneficiará aos núcleos de Fontenla, Penagrande, Querquizo, Suigrexo e A Alberguería, que non contan actualmente co servizo de saneamento.

As obras consistirán na construción dunha rede de colectores e a súa conexión á rede xeral para ser tratadas na depuradora (EDAR), así como a instalación de dúas depuradoras de augas residuais.

Así, por unha parte instalarase unha EDAR para 500 habitantes para os núcleos da Alberguería e Suigrexo, que suman 1.800 metros de rede de colectores. Para os núcleos de Fontenla, Penagrande e Querquizo disporase doutra depuradora proxectada tamén para 500 habitantes.



O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 794.000 EUROS NO SANEAMENTO DE NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE COLES (OURENSE)

- ***Os traballos, que teñen un prazo de execución de dez meses, mellorarán e dotación de saneamento aos núcleos de Cambeo, Boncomezo e Estación de Barra do Miño***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible inviste 794.193 euros en obras de saneamento en núcleos rurais de Cambeo, Boncomezo e Estación de Barra de Miño, no concello de Coles (Ourense).

O investimento aboarase en dúas anualidades. Así, en 2008 chegaranse 79.420 euros, mentres que no próximo ano destinaranse 714.773 euros. O prazo de execución das obras é de dez meses.

Estas actuacións servirán para substituír ou executar diferentes treitos no saneamento en Coles, que actualmente é insuficiente ou está deteriorado, xa que hai treitos con atascos e zonas sen servizo.

As obras consistirán na instalación de colectores con conexión á rede actual e dous bombeos para dar saída a dúas zonas en Cambeo e Barra de Miño nas que non é posible facelo por gravidade. Ademais, construírse un sistema de depuración de auga para 80 habitantes equivalentes ao final dun colector ao que é imposible conectar coa rede xeral.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 379.000 EUROS A UNHA COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA QUE MELLORARÁ A CALIDADE DA AUGA DA PLANTA DE TRATAMENTO

- ***A instalación deste sistema de preozonización da auga, que ten un prazo de execución previsto de seis meses, supón un investimento total de 541.500 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Valdoviño (A Coruña) para a implantación dun sistema de preozonización na estación de tratamento de auga potable (ETAP) do Cameleiro, que permitirá conseguir unha mellor calidade de auga.

Esta actuación ten un investimento previsto de 541.500 euros, dos que a consellería achegará 379.050 euros en dúas anualidades, de xeito que en 2008 destinará 1.000 euros a esta obra e 378.050 euros no próximo ano. Pola súa parte, o concello contribuirá co 30 por cento do financiamento restante do proxecto, mediante unha achega de 162.450 euros neste exercicio. O prazo de execución previsto é de seis meses.

En 2007, Augas de Galicia detectou compostos no encoro das Forcadas, do que se abastece o concello, que a ETAP actual non pode reducir con garantías. A instalación deste sistema de preozonización da auga tratada permitirá reducir a concentración de ferro e manganeso e evitará a formación de algas tóxicas.

As obras consistirán na instalación dun sistema de preozonización, dunha cámara de contacto, dun decantador e un tanque de oxíxeno líquido, así como nunha mellora da instalación eléctrica.



O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DA XIX EDICIÓN DO CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS

- *Esta colaboración concrétase na sinatura dun convenio entre ambas as entidades, que se desenvolverá durante o curso académico 2008-2009, e cuxa dotación total ascende a 74.000 euros*
- *O obxectivo deste curso, no que participarán un máximo de 75 alumnos, é afondar e promocionar as actividades docentes relacionadas co mundo laboral, a formación e a especialización de profesionais do dereito laboral*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da XIX edición do Curso Superior de Relacións Laborais.

Esta actividade levarase a cabo ao longo do curso académico 2008-2009, no Campus Universitario de Santiago e contará cun orzamento de 74.118 euros. O número máximo de participantes é de 75 alumnos, que recibirá nun diploma acreditativo sempre e cando supere no 80% as unidades docentes deste curso.

O director desta actividade formativa será o catedrático de dereito do traballo na Facultade de Dereito da USC; Javier Gárate Castro.

A celebración da décimo novena edición do Curso Superior de Relacións Laborais ten por obxectivo afondar e promocionar as actividades docentes relacionadas co mundo laboral, a formación e a especialización de profesionais do dereito laboral e a cultura do mundo do traballo.

O curso vai dirixido a persoas licenciadas en Ciencias Económicas, Empresariais e Dereito. Tamén poderán participar as persoas diplomadas en Relacións Laborais e os cadros de organizacións empresariais e sindicais, así como aquelas persoas que desempeñen tarefas de xestión de recursos humanos.



A XUNTA DESTINA PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS Á POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS DE APOIO E ACOMPAÑAMENTO Á FORMACIÓN DOS TRABALLADORES

- ***Estas accións teñen por obxecto a investigación do mercado de traballo para anticiparse aos cambios, a análise da repercusión da formación continua na competitividade das empresas, e a elaboración de produtos innovadores relacionados coa formación***
- ***Constitúen un importante apoio ás políticas de mellora da formación profesional e contribúen á súa eficacia***
- ***Poderán solicitar as subvencións as empresas e organizacións sen ánimo de lucro que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades relacionadas coa formación continua***

Tras a súa autorización esta mañá por parte do Consello da Xunta, a Consellería de Traballo publicará nos vindeiros días a Orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación de ámbito autonómico correspondentes ao exercicio 2009.

Enténdense por accións de apoio e de acompañamento á formación aquelas que teñen por obxecto a investigación e prospección do mercado de traballo para anticiparse aos cambios nos sistemas produtivos, a análise da repercusión da formación continua na competitividade das empresas e na cualificación dos traballadores, a elaboración de produtos e ferramentas innovadores relacionados coa formación continua e, en definitiva, a determinación das necesidades de formación precisas para coadxuvar ao progreso económico dos sectores produtivos no conxunto da economía.

Estas accións constitúen un importante apoio e complemento ás políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral, pois contribúen á eficacia do sistema de formación continua. Para o desenvolvemento desta orde, con vixencia para os anos 2008 e 2009, a Consellería de Traballo disporá dun orzamento de 2,9 millóns de euros.

Poderán solicitar as subvencións as empresas, entidades ou organizacións sen ánimo de lucro que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades tipificadas como accións financiadas ou relacionadas coa formación continua. Deberán acreditar experiencia na realización de estudos, investigacións ou proxectos de natureza similar aos solicitados durante un período de polo menos tres anos, coa realización, como mínimo, dalgún traballo semellante ou relacionado co posto. Cómpre destacar que non poderán ser solicitantes as administracións públicas.

Tipos de accións subvencionables

As accións subvencionables son de dous tipos: de estudo e investigación e as accións destinadas á elaboración e experimentación de produtos, técnicas e ferramentas de



carácter innovador para a mellora de sistemas pedagóxicos, organizativos e de xestión da formación para o emprego.

As accións de estudo e investigación irán destinadas a analizar os factores que estruturan a demanda de formación continua do sistema produtivo, co fin de anticiparse aos cambios nas cualificacións profesionais derivados do progreso técnico e da organización do traballo. Tamén terán como obxectivo afondar no coñecemento dos problemas e necesidades específicas de formación nos distintos sectores económicos ou ámbitos territoriais e desenvolver iniciativas e alternativas sobre a adecuación da oferta de formación continua á evolución dos contidos das ocupacións. Ademais, terán entre os seus fins coñecer as necesidades formativas dos traballadores con maior dificultade de acceso á formación e das pequenas e medianas empresas.

As accións destinadas á elaboración e experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador estarán destinadas á mellora dos sistemas pedagóxicos, organizativos e de xestión da formación profesional continua. Terán especial consideración as accións referidas á elaboración e/ou experimentación de ferramentas e metodoloxías de aprendizaxe baseadas nas novas tecnoloxías de información e comunicación que estendan a formación aos traballadores de pequenas empresas.

Por outro lado, todos os proxectos subvencionados por esta orde poderán incluír a realización dunha xornada técnica que teña por obxecto a difusión dos seus produtos finais, así como a xeración de propostas, alternativas e suxestións sobre os seus resultados.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 2,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A RECONSTRUCCIÓN DO ARQUIVO DE HISTORIAS CLÍNICAS DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

- ***A actuación consiste na execución dunha nova nave de 2.214 metros cadrados e a dotación de equipamentos***
- ***As obras, que xa comezaron, estarán concluídas no primeiro trimestre de 2009***

O Consello da Xunta foi informado hoxe da contratación das obras, polo procedemento de emerxencia, da reconstrución do arquivo de historias clínicas do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo por un importe de 2.525.70,23 euros. Estas obras xa comezaron e estarán concluídas no primeiro trimestre de 2009.

Esta decisión adoptouse tras o derrubamento parcial de tres módulos no arquivo clínico situado no Hospital do Rebullón o mes de marzo pasado. Aínda que nun primeiro momento se desenvolveron actuacións provisionais de reforzamento e cambio dos estantes afectados, ante os danos estruturais nos archivadores foi necesaria unha solución definitiva, un proxecto máis amplo -elaborado coa participación do cadro de persoal do arquivo e dos interlocutores sociais- que recollese un redimensionamento do arquivo e, polo tanto, un redeseño total destas instalacións.

Unha vez que os informes técnicos constatan a urxencia destas obras, o Servizo Galego de Saúde recorreu á vía de emerxencia para axilizar os trámites, iniciando contacto coas empresas especializadas nas devanditas reparacións e equipamentos. Así, a empresa Hermanos Vigo Otero S.L. realiza as obras de construción dunha nova nave por un importe de 1.968.099,38 euros; mentres que o equipamento foi adxudicado ás empresas Lógica Equipamiento Sur S.L e SEOFI, Soluciones y Equipamientos de Oficina, S.L, que fabricarán os estantes por un importe de 557.601,85 euros.

A obra, que acaba de iniciarse, consiste na execución dunha nova nave, xunto ás xa existentes, de 2.214 metros cadrados. Esta nave, con capacidade para albergar 6.400 metros lineais de estantes, permitirá albergar as historias clínicas de pacientes de toda a área sanitaria de Vigo en condicións de seguridade para as e os traballadores e para as propias historias clínicas.